



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Identidade, alteridade e interseccionalidade | Código | 615525006 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglésPortugués | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e DidácticaSocioloxía e Ciencias da Comunicación | | | |
| Coordinación | Teasley Severino, Cathryn | Correo electrónico | cathryn.teasley1@udc.es | |
| Profesorado | Teasley Severino, Cathryn | Correo electrónico | cathryn.teasley1@udc.es | |
| Web | Plataforma Moodle UDC | | | |
| Descrición xeral | <p>Nun mundo cada vez máis interconectado, a identidade convértese nunha especie de moeda de troco contestada: por unha banda, a identidade pode potenciar, capacitar, reforzar e empoderar, pero por outro, pode dividir, excluír e oprimir; iso si, depende de como se conciba, interprete, represente e utilice. E esta realidade só se complica ao considerarmos a situación das persoas e grupos que sofren diversas formas de inxustiza a raíz dun ou máis aspectos da súa identidade persoal ou colectiva. A miúdo son varias as formas de discriminación (ou, ao contrario, de privilexio) que converxen nunha soa persoa debido á súa procedencia nacional ou étnica, o seu sexo e xénero, a súa "raza", ou os seus medios económicos (entre outros factores). Aquí é onde entra en xogo a análise interseccional da alteridade: Cales son as implicacións deste cruzamento de formas de discriminación? Pode que a persoa ou colectivo en cuestión nin sequera se identifique a si mesma/o do mesmo xeito que lle identifican outras moitas persoas alleas á súa realidade. Que factores pesan máis nestas dinámicas inxustas? Cal é o legado actual de toda unha historia de inxustizas? Como responder a estas cuestións desde as políticas sociais? Estas preguntas conforman a esencia desta materia, na que a análise descolonial tamén xogará un papel esencial.</p> | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A1 | CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social. |
| A2 | CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión. |
| A3 | CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social. |
| A5 | CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural. |
| A7 | CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflitividade social. |
| A8 | CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación. |
| B1 | CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social. |
| B2 | CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional. |
| B3 | CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados. |
| B4 | CB4 - Identificar os dilemas éticos e a responsabilidade social tras os retos formulados na práctica profesional e investigadora. |
| B5 | CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas. |
| B7 | CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B8 | CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |



| | |
|-----|---|
| B9 | CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B11 | CB11 - Participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas no ámbito da exclusión social, en contextos interdisciplinares e de transferencia de coñecementos. |
| B13 | CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos. |
| B14 | CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa. |
| B15 | CX3 - Deseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social. |
| B17 | CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais. |
| B18 | CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais. |
| B19 | CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social. |
| B20 | CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas. |
| B21 | CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión. |
| B22 | CX10 - Recoñecer e valorar os xuízos de valor e as evidencias nos argumentos que sosteñen as descripcións e políticas sobre a realidade social. |
| C1 | CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | CT2 ? Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero. |
| C5 | CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | CT6 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables. |
| C7 | CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|------------------------|------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Ao finalizar a asignatura, o alumnado será capaz de: | AM2 | BM1 | CM3 |
| Demonstrar a súa comprensión de perspectivas epistemolóxicas, culturais, políticas e económicas sobre a construción social da identidade. | AM8 | BM3 | CM5 |
| | | BM14 | |
| | | BM18 | |
| | | BM20 | |
| | | BM21 | |
| Pescudar a influencia das dimensións espazo-temporais e simbólicas na formación das identidades, e dos usos sociais da súa clasificación. | AM3 | BM2 | CM1 |
| | | BM19 | |
| Identificar e explicar os impactos asincrónicos que xurdan da intersección das formas dominantes de discriminación e opresión en función da alteridade identitaria (análise de casos: realidades, experiencias, prácticas e percepcións). | AM1 | BM4 | CM2 |
| | AM5 | BM5 | CM6 |
| | | BM7 | CM7 |
| | | BM8 | |
| | | BM22 | |



| | | | |
|--|-----|--|-----|
| Fundamentar e propoñer liñas metodolóxicas de intervención social anti-discriminación e de auto-empoderamento colectivo como resposta á subordinación e exclusión de determinados grupos identitarios (dentro dos tres ámbitos xerais do máster: migracións, xénero, e envellecemento e transformacións familiares). | AM7 | BM7 BM9 BM11 BM13 BM15 BM17 | CM4 |
|--|-----|--|-----|

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Perspectivas epistemolóxicas sobre a identidade e a interseccionalidade nun mundo globalizado. | 1a) Alén dos tres grandes "intereses" modernos ?intereses técnicos, prácticos e críticos? que, segundo Habermas (1982), moldean a construción do saber (sobre a identidade, por exemplo). 1b) Perspectivas que matizan ou superan as categorías de Habermas: posturas feministas; queer; descoloniais, poscoloniais e anti-racistas; inclusivas e interculturalistas; neomarxistas; comunitario-particularistas; ou posmodernas. 1c) En que consiste entón a identidade? Dimensións. 1d) En que consiste a interseccionalidade? 1e) A relación entre identidade e interseccionalidade. |
| 2. Alteridade e normatividade: construción social das identidades hexemónicas, subalternas e periféricas. | 2a) O papel da clasificación social das mesmas. 2b) Os diferentes efectos das clasificacións e categorías. 2c) Representación e recoñecemento: filtros. 2d) Imaxinarios potenciadores, imaxinarios destrutivos. 2e) Maniqueísmos e polarizacións artificiais. |
| 3. Impacto interseccional das diversas formas de discriminación e opresión produto da construción prexuciosa do "outro? ou dos "outros" fronte ao ?eu? ou ao "nós". | 3a) Racismo, etnocentrismo, clasismo, sexismo patriarcal, heterosexismo/homofobia, capacitismo, idadismo, etc. 3b) Efectos asincrónicos da intersección das diferentes formas de opresión. |
| 4. Identidades entre fronteiras espazo-temporais e cultural-simbólicas. | 4a) Migracións e diásporas; xéneros; xeracións e familias. 4b) Adaptabilidade e mutación das identidades. 4c) O lugar e a expresión/interpretación/representación da identidade propia e/ou allea. 4d) Marxinación, segregación, asimilación, inclusión, integración, cohesión, convivencia. 4e) Identidades estábeis, identidades "líquidas" ou fluídas. 4f) A distinción cultural, social, económica e territorial. |
| 5. Políticas sociais e respostas socio-culturais de base ante as inxustizas ligadas á alteridade identitaria ante un sistema-mundo nesgado. | 5a) En perspectiva diacrónica, sincrónica e transnacional. 5b) Desde os tres grandes sectores de organización social: o público, o privado e o terceiro sector. 5c) Respostas informadas desde a intersección das diferentes posturas epistemolóxicas abordadas no primeiro tema. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A1 B13 | 0 | 35 | 35 |
| Sesión maxistral | A1 B1 B13 | 10 | 0 | 10 |
| Discusión dirixida | B1 B5 B14 | 10 | 0 | 10 |
| Análise de fontes documentais | A5 B3 B4 B18 | 10 | 10 | 20 |



| | | | | |
|--------------------------|-----------------------------------|---|----|----|
| Aprendizaxe colaborativa | B11 C1 C4 | 3 | 10 | 13 |
| Estudo de casos | A2 A5 A7 B8 C3 | 2 | 9 | 11 |
| Presentación oral | B9 B19 C2 C6 | 6 | 15 | 21 |
| Foro virtual | B1 B5 C2 C7 | 0 | 1 | 1 |
| Simulación | A3 A8 B21 B22 | 2 | 0 | 2 |
| Traballos tutelados | B1 B2 B5 B7 B15 B17 B20 B21 C5 | 1 | 25 | 26 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | O conxunto de textos e documentación escrita que se presenta como fonte de profundización obrigatoria e/ou opcional dos contidos traballados. |
| Sesión maxistral | <p>Modalidade presencial: Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase magistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección magistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un/ha profesor/a en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Modalidade virtual: No caso do alumnado matriculado on-line, esta metodoloxía canalizarase a través do Foro virtual, o cal permitirá que este alumnado participe aproveitando dos soportes dixitais dispoñíbeis.</p> |
| Discusión dirixida | <p>Modalidade presencial: Presentación e comentario en clase dos textos asignados a cada estudante ou a cada grupo de estudantes. Á discusión ?coordinada polas profesoras? sumaranse voluntariamente as/os estudantes.</p> <p>Modalidade virtual: No caso das persoas que cursan a modalidade on-line, a participación a distancia queda habilitada a través de comentarios introducidos na plataforma Moodle (ver Foro virtual). A participación a distancia en directo nos debates que se xerarán na aula dependerá da dispoñibilidade de recursos técnicos de gravación e retransmisión en directo.</p> |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou filmes, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia, con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e da comunicación, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos/das outros/as integrantes do grupo. |
| Estudo de casos | Metodoloxía no que o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |



| | |
|-------------------|---|
| Presentación oral | <p>Modalidade presencial: Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado e deliberativo, expoñendo temas, conceptos, principios, traballos, experiencias, feitos e perspectivas; propondo cuestións varias; comentando textos; e realizando aclaracións de forma dinámica.</p> <p>Modalidade virtual: No caso do alumnado matriculado a distancia, esta metodoloxía canalizarase principalmente a través do Foro virtual (textual), o cal permitirá que este alumnado participe aproveitando dos soportes dixitais dispoñíbeis. Tamén terá a opción de asistir ás sesións virtuais en directo en Teams, de darse o caso.</p> |
| Foro virtual | <p>[Só para o alumnado matriculado na modalidade on-line]</p> <p>Espazo de discusión formal e informal destinado ás/aos estudantes en cuestión para o tratamento dun ou máis temas ou problemas. Desenvólvese a través dunha contorna virtual de aprendizaxe (Moodle e/ou email) mediante ferramentas de comunicación asíncrona.</p> |
| Simulación | <p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levase a cabo sobre o fenómeno orixinal ou na realidade. O suceso asume unhas condicións hipotéticas nas cales próbase o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, xa que logo, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> |



| | |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela da profesora e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "como facer as cousas".</p> <p>Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudiantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do alumnado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesorado.</p> <p>Para o traballo final, cada estudante elixirá un dos dous tipos de traballo seguintes:</p> <p>1) Unha análise textual de documentos (lecturas e/ou gravacións) na que se ofrece unha radiografía explicativa e sintética dun tema, problema ou caso real relacionado coa identidade, a alteridade e a interseccionalidade. Nesta análise propoñeranse posíbeis vías de abordaxe, mediación ou intervención. Así mesmo, o traballo debe incluír referencias a outros estudos pertinentes, e a algúns dos conceptos chave e orientacións epistemolóxicas, ideolóxicas, metodolóxicas e/ou prácticas presentadas en clase. O traballo debe estar debidamente fundamentado, e polo menos un 50% das fontes referenciadas nel deben proceder do conxunto de documentos presentados en clase, no espazo da materia no Campus Virtual, nas "Fontes de información" desta Guía docente, ou, ademais, no Foro virtual para o alumnado non-presencial. Os requisitos para a estrutura do traballo encóntranse no espazo da materia no Campus Virtual.</p> <p>2) A produción dun documento audiovisual que, hipotéticamente, se fará público. Nesta gravación, presentarase de forma creativa e dinámica un tema, problema ou caso relacionado coa identidade, a alteridade e a interseccionalidade, así como posíbeis vías de abordaxe, mediación ou intervención, a propia gravación sendo unha destas vías. A gravación irá acompañada dun traballo descritivo e analítico, no que se afondará de xeito explicativo e sintético noutros estudos pertinentes, e nalgúns dos conceptos chave e das orientacións epistemolóxicas, ideolóxicas, metodolóxicas e/ou prácticas presentadas en clase e reflectidas na gravación. O traballo debe estar debidamente fundamentado, e polo menos un 50% das fontes referenciadas nel deben proceder do conxunto de documentos presentados en clase, no espazo da materia no Campus Virtual, nas "Fontes de información" desta Guía docente, ou, ademais, no Foro virtual para o alumnado non-presencial. Os requisitos para a estrutura do traballo encóntranse no espazo da materia no Campus Virtual.</p> <p>*Débese consultar a información completa sobre a avaliación do traballo na plataforma do Campus Virtual.</p> <p>Modalidade a distancia: No caso das persoas que cursen o máster on-line, realizaranse titorías virtuais nas que se consultarán e se revisarán distintos aspectos do traballo. Este proceso servirá, así mesmo, para coñecer á/ao estudante en cuestión e para garantir a súa identidade.</p> |
|---------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>A atención personalizada que se describe en relación a esta metodoloxía concíbese como momentos de traballo presencial ou virtual co profesorado que implican unha participación obrigatoria por parte do alumnado, tanto presencial como a distancia.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá esta atención personalizada (de xeito presencial ou virtual) indicaranse en relación a cada actividade ao longo do curso, segundo o plan de traballo da materia.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|---------------------|-----------------------------------|---|---------------|
| Traballos tutelados | B1 B2 B5 B7 B15 B17 B20 B21 C5 | Descrición recollida en "Metodoloxías". *Débese consultar a información completa sobre a avaliación do traballo no espazo da materia na plataforma do Campus Virtual. | 75 |



| | | | |
|-------------------|--------------|--|----|
| Presentación oral | B9 B19 C2 C6 | <p>Participación presencial (ou non-presencial*) nas sesións de aula e nas actividades comunicativas propostas ao longo da materia, a maioría con compoñentes orais (debates, comentarios de textos, etc.). Para máis información, véxase a sección de "Metodoloxías" desta Guía docente, así como o espazo da materia na plataforma do Campus Virtual.</p> <p>*Modalidade non-presencial: Nesta modalidade, a presentación oral canalizarase principalmente a través do Foro virtual (textual). Para máis información, véxase o apartado de "Metodoloxías", así como o espazo da materia na plataforma do Campus Virtual.</p> | 25 |
|-------------------|--------------|--|----|

Observacións avaliación



Para poder superar a materia, cada estudante debe obter polo menos o 50% do total dos puntos correspondentes ás actividades de avaliación. Os requisitos e os criterios de avaliación das dúas modalidades para o seguimento da asignatura (presencial ou non-presencial) serán iguais. Tal e como se indica no apartado de "Metodoloxías", os/as estudantes que cursan a modalidade non-presencial deste Mestrado terán titorías coa(s) profesora(s) ben vía correo electrónico, ben mediante o Foro virtual, ou ?de ser posíbel? a través dun medio como "Teams" que permita conversar cara a cara durante unha das titorías. Así mesmo, garantíranse mecanismos que permitan que este alumnado se identifique ante o profesorado e que realice a súa "presentación oral" (participación nas actividades de aprendizaxe) aproveitando os soportes dixitais dispoñíbeis.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordárase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación.

IMPORTANTE: En caso de cometer un plaxio, ou de realizar de xeito fraudulento as probas ou outras actividades de avaliación, a cualificación final será de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta: o/a estudante será cualificado/a con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. De ser necesario, procederáse a modificar a súa cualificación na acta da primeira ou da segunda oportunidade.

De xeito excepcional, o alumnado que nunca participou nas sesións (nin de aula, nin de Teams, nin no Foro de Moodle) realizará o traballo tutelado, que lle valerá o 75% da cualificación final, así como unha pequena proba oral que lle valerá o 25% da cualificación final. A proba realizarase telematicamente ou por teléfono, en formato de entrevista que durará uns 30 minutos, aproximadamente. Como alternativa á proba oral, a/o estudante en cuestión pode optar por realizar unha proba escrita de desenvolvemento, con material, cun límite de dúas horas para a súa realización por Teams.

Igualdade en perspectiva de xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, incorporárase a perspectiva de xénero nesta materia: usarase linguaxe non-sexista; utilizarase bibliografía de autoría de ambos sexos; propiciárase a intervención igualitaria de alumnas e alumnos nas sesións de aula; traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas; e influirase na contorna para modificar ditos procesos discriminatorios e fomentar valores de respecto e igualdade, identificando posíbeis situacións de discriminación por razón de xénero e proponendo accións e medidas para corrixilas.

Os requisitos e os criterios de avaliación das dúas modalidades para o seguimento da asignatura (presencial ou virtual) serán iguais. Tal e como se indica no apartado de Metodoloxías, os/as estudantes que cursen a modalidade virtual deste Mestrado terán titorías coas profesoras ben vía correo electrónico, ben mediante o Foro virtual, ou ?de ser posíbel? a través dun medio que permita conversar cara a cara durante unha das titorías. Así mesmo, garantíranse mecanismos que permitan que este alumnado se identifique ante o profesorado e que realice a súa "presentación oral" (participación nas actividades tanto orais como escritas de aprendizaxe) aproveitando os soportes dixitais dispoñíbeis.

Fontes de información



Bibliografía básica

NOTA IMPORTANTE: Só algúns dos seguintes títulos serán seleccionados para a súa lectura obrigatoria. Recomendaranse outras obras durante a realización da materia e mediante outra bibliografía máis actualizada. A listaxe de lecturas programadas para cada sesión atópase no espazo da materia no Campus Virtual. Acosta, Alberto (2013). *El Buen Vivir, Sumak Kawsay: una oportunidad para imaginar otros mundos*. Barcelona: Icaria. Adichie, Chimamanda Ngozi (2017). *Querida Ijeawe: cómo educar en el feminismo*. Barcelona: Penguin Random House. Adichie, Chimamanda Ngozi (2017). *Todos teríamos que ser feministas*. Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books. Adlbi Sibai, Sirin (2017). *La cárcel del feminismo: hacia un pensamiento islámico decolonial*. México, D. F.: Akal. [Presentación grabada de La cárcel del feminismo, con Sirin Adlbi, Enrique Dussel e Karina Ochoa: <https://www.youtube.com/watch?v=d3k4Yot0ykU&feature=youtu.be&app=desktop>]. Aixerià, Yolanda (2008). *La construcción de la imagen de las mujeres marroquíes en Europa*. En M. D. López Enamorado (Ed.), *España y Marruecos: Mujeres en el espacio público* (pp. 45-54). Sevilla: Alfar-Ixbilia. Alba Rico, Santiago (2015). *Islamofobia: nosotros, los otros, el miedo*. Barcelona: Icaria. Amarelo, Daniel (Ed.) (2020). *Nós, Xs Inadaptadx: representacións, desejos e historias LGBTIQ na Galiza*. Santiago de Compostela: Através Editora. Amin, Samir (2009). *Introducción: Frantz Fanon en África y Asia*. En F. Fanon, *Piel negra, máscaras blancas*. Madrid: Akal. Anderson, Benedict (2006). *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism* (2ª ed.). Londres: Verso. Andreotti, Vanessa de Oliveira; Stein, Sharon; Ahenakew, Cash e Hunt, Dallas (2015). *Mapping interpretations of decolonization in the context of higher education*. *Decolonization: Indigeneity, Education and Society*, Vol. 4, No. 1, pp. 21-40. Anzaldúa, Gloria (2016). *Borderlands/La frontera: La nueva mestiza* (trad. Carmen Valle). Madrid: Capitán Swing. Appadurai, Arjun (2009). *¿Podemos vivir sem o outro? As posibilidades e os límites da interculturalidade*. Lisboa: Tinta da China. Appiah, K. Anthony (2005). *The ethics of identity*. Princeton: Princeton University Press. [ESPAÑOL: (2007). *La ética de la identidad*. Buenos Aires: Katz. Atienza Cerezo, E. e van Dijk, T. (2010). *Identidad social e ideología en libros de texto*. *Revista de Educación*, No. 353, 67-106. Balibar, Étienne (2005). *Violencias, identidades y civilidad para una cultura política global*. Barcelona: Gedisa. Balibar, Étienne (2013b). *Ciudadanía*. Buenos Aires: Adriana Hidalgo. Balibar, Étienne (2017). *La igualdad*. Barcelona: Herder. Balibar, Étienne e Wallerstein, Immanuel (1991). *Raza, nación y clase*. Madrid: Lapala. Barquín, A. (2009). *¿De dónde son los hijos de los inmigrantes? La construcción de la identidad y la escuela*. *Revista Educar*, Nº 44, 81-96. Barreiro Barreiro, Xosé Lois (Ed.) (1992). *O Pensamento galego na historia (aproximación crítica)*. Universidade de Santiago de Compostela. Bastida Rodríguez, Patricia; Rodríguez González, Carla e Carrera Suárez, Isabel (Eds.) (2010). *Nación, diversidad y género: perspectivas críticas*. Rubí: Anthropos. Bauman, Zygmunt (2004). *Identity. Conversaciones con Benedetto Vecchi*. New York: The Polity Press. [ESPAÑOL: (2005). *Identidad. Conversaciones con Benedetto Vecchi*. Madrid: Losada.] Beiras, Xosé Manuel (2010). *A ollada exterior do nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre. Bela-Lobedde, Desirée (2018). *Ser mujer negra en España*. Barcelona: Ediciones B. Bello Reguera, Gabriel (2007). *Postcolonialismo, emigración y alteridad*. Granada: Comares. Benhabib, Seyla (2006a). *Las reivindicaciones de la cultura: Igualdad y diversidad en la era global*. Buenos Aires: Katz Editores. Benhabib, Seyla (2006b). *El ser y el otro en la ética contemporánea: Feminismo, comunitarismo y posmodernismo*. Barcelona: Gedisa. Bereményi, Bálint-Ábel e Mirga, Anna (2012). *¿Perdido en la acción? Evaluación de los seis años del Plan Integral del Pueblo Gitano en Cataluña*. Barcelona: Federación de Asociaciones Gitanas de Cataluña (FAGIC) y Grupo EMIGRA (Universidad Autónoma de Barcelona). Recuperado o 27 de setembro de 2014 de: https://www.academia.edu/2388762/_Perdido_en_la_accion_Evaluacion_de_los_seis_anos_del_Plan_Integral_del_Pueblo_Gitano_en_Cataluna._Informe_elaborado_por_FAGiC_y_EMIGRA_2012 Bermejo, Diego (Ed.) (2011). *La identidad en sociedades plurales*. Barcelona: Anthropos. Bessis, Sophie (2002). *Occidente y los otros: Historia de una supremacía*. Madrid: Alianza. Bessis, Sophie (2005). *Las emergencias del mundo: Economía, poder, alteridad*. Oviedo: Nobel. Bhabha, Homi (2002). *El lugar del la cultura*. Buenos Aires: El Manantial. Bonilla-Silva, Eduardo (2006). *Racism without racists: Color-blind racism and the persistence of racial inequality in the United States*. Lanham, Maryland: Rowman & Littlefield. Bourdieu, Pierre (1991). *La distinción: Criterio y bases sociales del gusto*. Madrid: Taurus. Bourdieu, Pierre (1985). *¿Qué significa hablar?* Madrid: Akal. (Cap. II: Lenguaje y poder simbólico). Bourdieu, Pierre (2000). *Poder, derecho y clases sociales*. Bilbao: Desclée. Bourdieu, Pierre e Boltanski, Luc (2009). *La producción de la ideología dominante*. Buenos Aires: Claves. Bouteldja, Houria (2013, 16 de agosto). *Raza, clase y género: La interseccionalidad, entre la realidad social y los límites políticos*. *Parti des Indigènes de la République*.



Consultado 20/08/2014 en:

[http://indigenes-republique.fr/raza-clase-y-genero-la-interseccionalidad-entre-la-realidad-social-y-los-limites-politicos/Bouteldja, Houria \(2017\). Los blancos, los judíos y nosotros: hacia una política del amor revolucionario. Madrid: Akal.Brill, Stephanie e Pepper, Rachel \(2008\). The transgender child: A Handbook for families and professionals. Berkeley: Cleis Press.Butler, Judith \(2001\). El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad. México, D. F.: Paidós.Butler, Judith \(2008\). Lenguaje, poder e identidad. Madrid: Síntesis.Butler, Judith e Spivak, Goyatri Chakravorty \(2009\). ¿Quién le canta al estado-nación? Lenguaje, política, pertenencia. Buenos Aires: Paidós.](http://indigenes-republique.fr/raza-clase-y-genero-la-interseccionalidad-entre-la-realidad-social-y-los-limites-politicos/Bouteldja, Houria (2017). Los blancos, los judíos y nosotros: hacia una política del amor revolucionario. Madrid: Akal.Brill, Stephanie e Pepper, Rachel (2008). The transgender child: A Handbook for families and professionals. Berkeley: Cleis Press.Butler, Judith (2001). El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad. México, D. F.: Paidós.Butler, Judith (2008). Lenguaje, poder e identidad. Madrid: Síntesis.Butler, Judith e Spivak, Goyatri Chakravorty (2009). ¿Quién le canta al estado-nación? Lenguaje, política, pertenencia. Buenos Aires: Paidós.)

@font-face {font-family:"Cambria Math"; panose-1:2 4 5 3 5 4 6 3 2 4; mso-font-charset:1; mso-generic-font-family:roman; mso-font-format:other; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:0 0 0 0 0 0 0 0 0 0;}@font-face {font-family:Calibri; panose-1:2 15 5 2 2 2 4 3 2 4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:auto; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:-536870145 1073786111 1 0 415 0;}p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal {mso-style-unhide:no; mso-style-qformat:yes; mso-style-parent:""; margin:0cm; margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan; font-size:12.0pt; font-family:Calibri; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Calibri; mso-fareast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Calibri; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-ansi-language:ES; mso-fareast-language:EN-US;}MsoChpDefault {mso-style-type:export-only; mso-default-props:yes; font-family:Calibri; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Calibri; mso-fareast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Calibri; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-ansi-language:ES; mso-fareast-language:EN-US;}div.WordSection1 {page:WordSection1;}Carrasco Pons, Silvia (2005, julio). La condición de minoría en la escuela multicultural: supuestos, retóricas y aportaciones de la literatura de investigación, con especial referencia al alumnado gitano. Boletín del Centro de Documentación de la Asociación de Enseñantes con Gitanos, Nº 25, 12-21. Recuperado el 25 de noviembre de 2005 del URL: [https://www.revistatabularasa.org/numero42/de-la-sociedad-moderna-a-la-comunidad-de-vida-agenda-para-una-filosofia-decolonial-transmoderna-y-posoccidental/](http://aecgit.pangea.org/Carrera Fernández, María Victoria, Cid Fernández, Xosé Manuel e Lameiras Fernández, María (2019). El status queer o la utopía posible: aportaciones de la pedagogía queer para la construcción de nuevos imaginarios identitarios. En Aldo Ariel Ocampo González (Ed.), Pedagogías queer (pp. 48-72). Santiago de Chile: Ediciones CELEI. Castells, Manuel (1994). Flujos, redes e identidades: Una teoría crítica de la sociedad informacional. En M. Castells, R. Flecha, P. Freire, H. Giroux, D. Macedo e P. Willis (Eds.), Nuevas perspectivas críticas en educación (pp. 13-54). Barcelona: Paidós Educador.Castells, Manuel (2009). The Power of Identity (2ª ed.). Hoboken, New Jersey: Wiley-Blackwell.Castells, Manuel e Serra, Narcís (Eds.) (2004). Europa en construcción: Integración, identidades y seguridad. Barcelona: Fundació CIDOB.Castro-Gómez, Santiago e Grosfoguel, Ramón (Ed.) (2007). El giro decolonial: Reflexiones para una diversidad epistémica más allá del capitalismo. Bogotá: Siglo del Hombre Editores; Universidad Central, Instituto de Estudios Sociales Contemporáneos y Pontificia Universidad Javeriana, Instituto Pensar.Césaire, Aimé (2006). Discurso sobre el colonialismo. Madrid: Akal.Coll-Planas, Gerard e Cruells, Marta (2013). La puesta en práctica de la interseccionalidad política: El caso de las políticas LGTB en Cataluña. Revista Española de Ciencia Política, Nº. 31, (Marzo), 153-172.Coll-Planas, Gerard e Missé, Miquel (2010). El género desordenado: críticas en torno a la patologización de la transexualidad. Barcelona: Egales.Collins, Patricia Hill e Bilge, Sirma (2019). Interseccionalidad. Madrid: Morata.Colmenares, Katya (2022). De la sociedad moderna a la comunidad de vida: agenda para una filosofía decolonial transmoderna y posoccidental. Tábula Rasa, No. 42 (julio), 133-152. URL: <a href=).Colombato, Lucía Carolina (2013). Hegemonías y subordinaciones en el campo de los derechos culturales. Patrimonio cultural, etnicidad y género. Revista Perspectivas de las Ciencias Económicas y Jurídicas (Facultad de Ciencias Económicas y Jurídicas, Universidad Nacional de La Pampa), Vol. 3, Nº 1, pp. 89-104. Recuperado de: http://www.eco.unlpam.edu.ar/sitio/objetos/_area.cienciaytecnica/1_revista_-2013.pdfComaroff, John L. e Comaroff, Jean (2011). Etnicidad S.A. Madrid: Katz.Combahee River Collective (Smith, Barbara: redactora) (1977). The Combahee River Collective Statement. Boston, Massachusetts. Recuperado 09/07/2017 de: <http://circuitous.org/scraps/combahee.html>Connell, Raewyn (2014). Global tides: Market and gender dynamics on a world scale. Social Currents, 1(1), 5-12.Consejo de Europa (2013). La ciudad intercultural paso a paso. Guía práctica



para aplicar el modelo urbano de integración intercultural. Strasbourg: Council of Europe Publishing.
